

Xuntanza MOVISTAR

O venres 23 de abril de 2021 tivo lugar a xuntanza entre AGAPI e Movistar. Por parte da plataforma estiveron **María Rubín** (Responsable de compras de cine español) e **Lara López Conde** (Compra de dereitos audiovisuais de Cine Español e Independiente en Movistar+).

Explicaron que desde Movistar+ compran dereitos de emisión de entre 20 e 40 títulos anuais de cine español, o que supón un investimento de arredor de 10 millóns de euros/ano.

O que buscan principalmente son: películas con éxito de billeteira, películas recoñecidas con premios e festivais e películas destacadas pola crítica. A presentación de proxectos pode e debe facerse desde a fase de preproducción co envío da seguinte documentación por mail:

- Guión
- Sinopse
- Casting
- Equipo técnico
- Filmografía do director/a
- Orzamento
- Plan de financiamento
- Notas de produción e concepción do proxecto
- Plan de distribución

Os elementos que valoran son principalmente: calidade do guión, traxectoria do director/a, capacidade do reparto para arrastrar público ás salas, orzamento e plan de financiamento, acordo de distribución e gasto previsto en P&A e adecuación das televisións aos valores e canles de Movistar+.

Se deciden entrar nun proxecto, a oferta económica estará dividida en Mínimo Garantido e Escalados (en función da recadación en salas). Dependendo da capacidade do filme de facer unha boa billeteira en salas, negociarase un MG maior ou menor, o que fará que ese MG se compense con escalados. Realizarase un estudo de resultados dos últimos traballos do director/a e da produtora. Valorarase a distribuidora e o seu gasto en P&A e a participación dunha televisión en aberto.

Indicaron que tardan arredor de mes e medio/ dous meses en revisar os proxectos. Pode acontecer que non vexan claro entrar sobre papel no proxecto, o que non significa que non poidan valorar entrar coa película acabada ou mesmo coa película xa distribuída e unha vez que acade recoñecemento.

Para enviar proxectos de cine os correos de contacto son:

- **María Rubín** (Responsable de compras de cine español) : maria.rubinarias@telefonica.com
- **Lara López Conde** (Compra de dereitos audiovisuais de Cine Español e Independiente en Movistar+): lara.lopezconde@telefonica.com

A maiores indícos a continuación os contactos para presentar proxectos documentais e para proxectos de entretemento (formatos) da canle 0#:

Documental:

- **Cristina Merino:** cristina.merinoalvarez@telefonica.com
- **Pilar Canales:** mariapilar.canalescisneros@telefonica.com

Entretemento/Formatos: 0#

- **Maria José Larrañaga:** mariajose.larranagapalacios@telefonica.com